



INSTRUCCIÓN: OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA OU ESPAZOS DE USO PÚBLICO

Instrución para a tramitación das solicitudes para a ocupación da vía pública ou espazos de uso público segundo o artigo 47 da ordenanza municipal non fiscal número 35.

1. Exposición de motivos:

O artigo 47 da Ordenanza Municipal nº 35 de Policía, Bo Goberno e Medidas para garantir a convivencia cidadá nos espazos público do Concello de Arteixo establece o procedemento para a tramitación coa conseguinte autorización das ocupacións da vía pública ou espazos de uso público vinculados a establecementos de hostalaría.

2. Obxecto da instrución

A presente instrución ten por obxecto establecer o procedemento para a tramitación das solicitudes de autorización para as ocupacións da vía pública ou espazos de uso público con mesas, cadeiras, carteis publicitarios de calquera tipo, macetas, postos ou outros análogos, e complementar as lagoas que xurdiron na aplicación práctica do antedito artigo.

3. Ámbito de Aplicación:

En concordancia co artigo 2, da ordenanza fiscal nº 21 pola "*taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas e outros elementos análogos, coa finalidade lucrativa*", o ámbito de aplicación é a **ocupación de terreos de uso público local**, sen distinguir a titularidade dos mesmos.

E de acordo co artigo 47 da OM nº 35 existen dúas situacións diferenciadas referidas a ocupación do espazo público: ocupación da vía pública ou ocupación do espazo público, sen que nesta ordenanza se fagas distincións por mor da titularidade de ditos espazos de uso público.

4. Solicitude e documentación:

A solicitude realizarase segundo o formato oficial anexo a esta instrución, e con ela deberá achegarse a seguinte documentación para que a solicitude da autorización estea completa para poder ser tramitada:

SEMPRE:

- Bosquexo acoutado do emprazamento sinalando, as dimensións da zona ocupada, a súa superficie, o ancho da rúa destinada a paso peonil onde se xustifique o cumprimento da accesibilidade, os servizos urbanísticos afectados e o mobiliario urbano existente; e, se procede, alzados e seccións.
- Fotografías do espazo que se quere ocupar e do seu contorno.





INSTRUCCIÓN: OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA OU ESPAZOS DE USO PÚBLICO

- Copia da licenza de actividade do local o cal serve, ou no seu defecto a solicitude.
- Copia do D.N.I. en vigor do solicitante
- Xustificante do pagamento de Taxas pola ocupación do dominio público (Ordenanza Fiscal nº 21).

SI SE REALIZAN OBRAS OU INSTALACIÓNS:

- Orzamento das obras ou instalacións segundo a ordenanza fiscal nº 4 (a comprobar polos servizos técnicos municipais)
- Xustificante do pagamento do I.C.I.O. (Ordenanza Fiscal nº 4)

SE PROCEDE:

- Acreditación da representación.

5. Obras e instalacións:

Nos espazos ocupados de uso público vinculados os establecementos de hostalaría poden instalarse mesas, cadeiras, xardineiras, biombos móbiles, paraugas e calquera outro mobiliario, ais mesmo, con informe técnico favorable, poderanse realizar obras e instalacións tales como tarimas ou tribunas, biombos fixos, toldos, maquinas autoexpendedoras, estufas, así como calquera outro elemento que sexan compatibles co normal funcionamento do espazo público e cas normas de aplicación directa de adaptación o ambiente.

Ditas obras e instalacións están suxeitas ao pago do imposto de construcións, instalación e obras, polo que deberán vir acompañadas as solicitude dun orzamento segundo a ordenanza fiscal nº 4.

6. Procedemento:

- I. O impreso de solicitude de ocupación, debidamente cumprimentado e con toda a documentación anexa solicitada nesta instrución entregárase no rexistro xeral deste concello.
- II. O órgano encargado de tramitar dito expediente e o Departamento da Policía Local, encargándose de acadar toda a documentación e informes necesarios para realizar a proposta de resolución.
- III. A Policía Local comprobará que coa solicitude está debidamente cumprimentada e que se axunta toda a documentación que nela se require, así mesmo, comprobará a viabilidade da ocupación e instalacións propostas, facendo fincapé na seguridade cidadá; e de ser favorable,





INSTRUCCIÓN: OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA OU ESPAZOS DE USO PÚBLICO

- a. A Policía Local dará traslado dunha copia completa do expediente o departamento de obras, servizos e bens co fin de comunicarlles as pretensións do solicitante, coa finalidade de que no prazo de 10 días hábiles se informe si a ocupación solicitada impide a execución dalgunha obra programada, afecta o normal funcionamento dos servizos urbanos ou produce efectos lesivos no patrimonio municipal; dito informe, de non ser emitido no prazo solicitado, entenderase favorable.
- b. A Policía Local dará traslado dunha copia completa do expediente o departamento de urbanismo, coa finalidade de que no prazo de 10 días hábiles se informe si a ocupación solicitada cumpre coas normas de accesibilidade e, no caso de existir instalacións ou obras, estas se adecúan as normas de aplicación directa de adaptación o ambiente; dito informe, de non ser emitido no prazo solicitado, entenderase favorable.
- IV. A Policía Local, recibidos os anteriores informes, ou no seu defecto, transcorrido o prazo outorgado e unha vez comprobado o abono das taxas e impostos referido nesta instrución, emitirá unha proposta de resolución dirixida o alcalde, previamente poderá requirirille o solicitante que emende as deficiencias derivadas dos informes.
- V. O alcalde, por resolución da alcaldía resolverá o expediente outorgando ou denegando a solicitude realizada, sendo esta notificada as persoas interesadas no procedemento.

7. Marco Xurídico:

A presente instrución, tal e como se deixou interesado no encabezamento do presente informe ven a concretar e orientar o establecido no artigo 47 da ordenanza municipal nº 35, sen prexuízo da elaboración e publicación dunha ordenanza municipal específica tal e como establece en dito artigo.

Tamén son de aplicación as ordenanzas fiscais nº 21 “*taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas e outros elementos análogos, coa finalidade lucrativa*”, e a nº4 “*Imposto sobre construcións, instalacións e obras*”.

